Bases das axudas á publicación de discos e libros

2026

Para dar cumprimento ao plan director da Fundación SGAE convócanse as presentes axudas para a fase de distribución de discos e libros de autores e autoras da SGAE que xa estean producidos e editados.

Os gastos susceptibles de seren amparados por estas axudas serán unicamente os referidos á distribución dun disco (fabricación, promoción, lanzamento, posicionamento en plataformas dixitais, publicación do libreto, etc.) ou dun libro (impresión, promoción, lanzamento, posicionamento en plataformas dixitais, etc.). En ningún caso se admitirán gastos de produción ou escritura.

PRIMEIRA: SOLICITANTES

A Fundación SGAE estudará as solicitudes de axudas presentadas por:

Para discos:

- Autoras e autores socios da SGAE que vaian autoeditar un disco novo con obras da súa autoría. Neste caso a autora ou autor que realice labores de produtor fonográfico deberá estar debidamente dado de alta como autónomo e ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e de cotización.

- Autores ou autoras socias da SGAE que vaian asinar un contrato cun selo discográfico para un novo disco con obras da súa autoría.

- Persoas xurídicas (sociedades mercantís, fundacións e/ou asociacións) que teñan no seu obxecto social a actividade de produtor discográfico e/ou distribución fonográfica. Poderán presentarse sempre que o proxecto que acompañen coa solicitude sexa para a distribución dun disco con repertorio de autoras e autores socios da SGAE.

En calquera caso, quen solicite a axuda deberá presentar un disco no que, polo menos, o 50 % das obras incluídas non fosen previamente gravadas en soportes comerciais. As obras incluídas no soporte poderán ser de calquera xénero ou expresión musical.

É igualmente necesario que quen solicite a axuda acredite que ostenta a titularidade do 100 % dos dereitos de explotación do soporte fonográfico no momento da solicitude e ata, polo menos, o 31 de decembro de 2027.

Para libros:

- Autores e autoras socias da SGAE que autoediten un libro da súa autoría. Neste caso a autora ou autor que realice labores de edición de libros deberá estar debidamente dado de alta como editor ou editora autónoma e ao corrente de pagamento das súas obrigas fiscais e de cotización.

- Autora ou autor socio da SGAE que vaia asinar un contrato de edición cun editor para a edición da súa obra.

Entidade inscrita no Rexistro de fundacións culturais B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Con la colaboración de sgae

- Persoas xurídicas (sociedades mercantís, asociacións e/ou fundacións) cuxo obxecto social sexa a edición de libros e presenten un proxecto que teña como obxectivo a distribución dun libro que contribúa a difundir o repertorio de autoras e autores socios da SGAE.

En todos os casos a obra que se presente á axuda non debe estar publicada en edicións comerciais previas.

É igualmente necesario que quen solicite a axuda acredite que ostenta a titularidade do 100 % dos dereitos de explotación da edición do libro no momento da solicitude e ata, polo menos, o 31 de decembro de 2027.

Cuestións comúns para ter en conta por todos os e as solicitantes:

Ninguén poderá percibir, do conxunto das axudas ofertadas pola Fundación SGAE, máis dunha axuda no mesmo exercicio, coa única excepción das «axudas a viaxes para a promoción internacional» que si son compatibles coa axuda á publicación de discos e libros.

As entidades con personalidade xurídica propia poderán ser beneficiarias de máis dunha axuda nesta convocatoria sempre e cando sexa para proxectos de diferentes socios e socias da SGAE.

A axuda non poderá destinarse ao pagamento dos dereitos de autor á SGAE.

Non se admitirán solicitudes de produtores fonográficos e editores que non se atopen ao corrente de pagamento coa SGAE.

Para os efectos destas axudas enténdese por repertorio da SGAE as obras creadas por autoras e autores socios da SGAE.

SEGUNDA: TIPOLOXÍA DOS PROXECTOS

Serán susceptibles de participar nesta convocatoria:

- Os proxectos discográficos cuxa fase de produción estea terminada e a súa distribución teña lugar entre o 02 de agosto de 2025 e o 31 de decembro de 2027. Os gastos computables para esta axuda serán unicamente os referidos á distribución do disco. O repertorio incluído no fonograma ten que ser de autores e autoras socias da SGAE.

  Deberase presentar unha descrición do proxecto discográfico e un cronograma detallando as datas da súa distribución xunto co orzamento desagregado de gastos que son susceptibles de seren amparados por esta axuda: fabricación, promoción, lanzamento e posicionamento en plataformas dixitais e publicación do libreto. Este orzamento detallado deberá vir acompañado dos orzamentos que os provedores dos servizos lle presentasen ao solicitante para a súa realización. Así mesmo, deberán presentarse os contratos ou documentos oportunos que aseguren a distribución do fonograma. O fonograma deberá ser enviado unicamente en formato dixital como documento adicional no formulario ou por correo electrónico.

- Os proxectos editoriais cuxa fase de escritura xa estea finalizada e a súa distribución teña lugar entre o 02 de agosto de 2025 e o 31 de decembro de 2027. Os gastos computables para esta axuda serán unicamente os de distribución do libro. O libro debe publicar ou ben unha obra dun autor ou autora da SGAE (guións, obras dramáticas, letras de cancións, etc.), ou ben promover a difusión da obra dun autor ou autora ou conxunto de autores ou autoras da SGAE

Entidade inscrita no Rexistro de fundacións culturais B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Con la colaboración de sgae

ou estar dedicado ao estudo do ámbito creativo no que as autoras e autores da SGAE desenvolven o seu traballo.
Deberase presentar unha descrición do libro cun cronograma de datas da súa distribución acompañado do orzamento desagregado de gastos susceptibles de seren amparados por esta axuda: fabricación, promoción, lanzamento e posicionamento en plataformas dixitais. Este orzamento detallado deberá vir acompañado dos orzamentos que os provedores de servizos presentasen ao solicitante para a súa realización. Así mesmo, deberán presentarse os contratos ou documentos oportunos que aseguren a distribución do libro. O texto do libro deberá ser enviado unicamente en formato dixital como documento adicional no formulario ou por correo electrónico.

TERCEIRA: ACHEGA DA FUNDACIÓN SGAE

A contía máxima atribuíble a cada proxecto seleccionado non poderá superar os 2.000 € (impostos incluídos).

O pagamento realizarase, conforme ao establecido na base oitava, logo da sinatura do correspondente convenio e da presentación á Fundación SGAE do documento de cobramento admitido en Dereito que cumpra a normativa vixente. Aplicaranse as retencións de IRPF que correspondan conforme á lexislación fiscal vixente.

CUARTA: DOCUMENTACIÓN

As solicitudes deberán acompañarse da seguinte documentación:

1. Formulario de solicitude debidamente cuberto.

2. As persoas xurídicas deberán presentar obrigatoriamente:

    a. Copia da tarxeta do CIF.
    b. Copia autorizada da escritura de constitución da persoa xurídica (sociedade mercantil, asociación ou fundación) debidamente inscrita no rexistro que corresponda (rexistro mercantil, rexistro de asociacións ou rexistro de fundacións).
    c. Copia autorizada da escritura do órgano de administración vixente, no caso de sociedades mercantís.
    d. No caso de asociacións e fundacións:
        i. Estatutos vixentes da asociación ou fundación
        ii. Certificado do rexistro de asociacións ou do rexistro de fundacións, segundo corresponda, emitido con data de 2026, que acredite ao representante legal da entidade co cargo vixente.

3. No caso de autores ou autoras que vaian alcanzar un acordo cun terceiro para a edición do seu disco ou libro, deberán presentar copia do contrato discográfico ou de edición, segundo corresponda. No caso de que o contrato non estea subscrito á data da solicitude, deberán presentar unha carta de intencións asinada polo produtor fonográfico ou editor do libro, segundo corresponda. En todo caso, se se lles concede a axuda, estarán obrigados a entregar copia do contrato asinado á Fundación SGAE antes do 31 de decembro de 2027. En caso de non facelo, perderán o dereito á axuda.

4. CV do autor ou autora das obras.

Entidade inscrita no Rexistro de fundacións culturais B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Con la colaboración de sgae

5. Descrición do proxecto para o que se solicita a axuda e cronograma.

6. Orzamento detallado dos gastos susceptibles de seren amparados por esta axuda acompañado dos orzamentos dos provedores que lle presten os servizos ao solicitante.

7. Certificación da colaboración doutras entidades, no seu caso.

8. Carta de apoio do autor ou autora das obras ou dos seus herdeiros, en caso de estaren falecidos, cando o ou a solicitante non sexan os creadores ou creadoras.

9. Declaración xurada de que as obras que se inclúen no disco para o que se solicita a axuda son de autores e autoras da SGAE. Anexaranse coa declaración as fichas de rexistro das obras na SGAE que se poden obter na páxina web da SGAE na sección «Repertorio on line» (https://enlinea.sgae.es/RepertorioOnline). Para o caso de autores ou autoras que se autoediten, e estean en proceso de rexistraren as súas obras na SGAE, deberán achegar copia da declaración presentada na SGAE para o seu rexistro.

10. O disco ou libro en formato dixital como documentación adicional no formulario ou ao correo electrónico ayudas@fundacionsgae.org

11. Autorización dos e das solicitantes para que a Fundación SGAE poida facer uso dos seus datos de carácter persoal no marco da presente convocatoria. Se os solicitantes fosen persoas xurídicas deberán presentar autorización dos autores ou autoras que representen para que a Fundación SGAE poida facer uso dos seus datos de carácter persoal no marco desta convocatoria. O modelo de autorización que se debe presentar está dispoñible na web da Fundación SGAE dentro do apartado de convocatoria desta axuda.

QUINTA: CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación dos proxectos recibidos valoraranse especialmente os seguintes aspectos:

1. Que faciliten a relación da autoría co conxunto da sociedade e que promovan a pedagoxía social sobre o dereito de autor e impulsen o acceso á cultura.

2. Que fomenten novas expresións artísticas e proxectos multidisciplinares.

3. A colaboración con outras institucións e organizacións.

4. O fomento da participación de autoras.

Ademais, terase en conta a viabilidade do proxecto acorde aos orzamentos presentados, a potencial repercusión sociocultural deste e a eficiencia na aplicación dos recursos achegados, se fose o caso, por estas axudas.

SEXTA: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PRAZO

1. O formulario de solicitude está dispoñible na web da Fundación SGAE www.fundacionsgae.org Deberá usarse el formato electrónico del formulario e será necesario encher todos os campos obrigatorios. A Fundación SGAE acusará recibo de todas as solicitudes e notificará a aqueles e aquelas que non presenten toda a documentación

Entidade inscrita no Rexistro de fundacións culturais B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Con la colaboración de sgae

exixida os documentos que falten. O ou a solicitante ao que se lle indique a falta de documentación terá un prazo máximo de emenda de 15 días naturais a contar desde a data da notificación da Fundación SGAE. A non emenda en prazo suporá a desestimación da solicitude.

2. O prazo de presentación das solicitudes de axudas á publicación de discos e libros iniciarase o martes 12 de maio de 2026 e manterase aberto ata as 23:59 do venres 31 de xullo de 2026. As solicitudes recibidas fóra de prazo non serán atendidas.

SÉTIMA: PROCEDEMENTO E RESOLUCIÓN DE SOLICITUDES

1. Un comité de avaliación encargarase de estudar as solicitudes que cumpran os requisitos indicados nestas bases.

2. O comité decidirá a concesión das axudas e a súa resolución seralles comunicada a todos os interesados e interesadas por escrito.

3. A resolución do Comité será inapelable.

OITAVA: FORMALIZACIÓN DA COLABORACIÓN

A Fundación SGAE e o solicitante cuxo proxecto fose aprobado, subscribirán un convenio de colaboración específico que haberá de conter, necesariamente, as bases establecidas no presente documento e a información que enumeramos a continuación, a título enunciativo:

1. Dereitos e obrigas de cada unha das partes.
2. Prazo de inicio e finalización do proxecto.
3. Importe da axuda concedida.
4. Forma de pagamento.
5. Seguimento do proxecto (informe, avaliación, material onde se inclúa a imaxe corporativa da Fundación SGAE e memoria final). A memoria final debe incluír a enumeración das accións levadas a cabo para a distribución, a desagregación do seu custo (acorde co importe da axuda concedida) e copia das facturas e xustificantes de pagamento que acrediten o destino da axuda.
6. Compromiso de informar a Fundación SGAE do rexistro na SGAE do fonograma distribuído grazas á concesión desta axuda. No caso de distribución física débese axuntar a factura emitida polo departamento de reprodución mecánica –en concepto de dereitos de autor pola fabricación e distribución do soporte físico– e licenza outorgada polo devandito departamento tras o pagamento da mencionada autorización. Se a distribución é dixital deberase demostrar que se levou a cabo en plataformas dixitais legais.

A Fundación SGAE solicitaralle ao beneficiario ou beneficiaria da axuda a documentación pertinente para a formalización do convenio. O prazo máximo para achegar esa documentación será de dous (2) meses a contar desde a solicitude da Fundación SGAE. Se o seleccionado ou seleccionada non fai entrega da documentación nese prazo perderá o dereito á axuda. Toda a documentación achegada pasará a formar parte inseparable do convenio que se subscribirá entre as partes e non se devolverá.

Así mesmo, a Fundación SGAE faralle chegar ao beneficiario ou beneficiaria da axuda o convenio para subscribir entre as partes. O beneficiario ou beneficiaria terá un prazo máximo de dous (2) meses para devolver asinados os exemplares do convenio acompañados do documento de

Entidade inscrita no Rexistro de fundacións culturais B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Con la colaboración de sgae

pagamento para o cobramento da axuda. A non entrega do convenio ou do documento para o pagamento no citado prazo suporá a perda da axuda para o beneficiario ou beneficiaria.

NOVENA: PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Os datos de carácter persoal que voluntariamente faciliten os e as solicitantes incorporaranse nun ficheiro cuxo responsable é a Fundación SGAE e serán utilizados, única e exclusivamente, para a xestión da súa participación nesta convocatoria de axudas. O titular do dereito fundamental á protección de datos persoais conta cos dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición, portabilidade de datos e o de non ser obxecto de decisións individuais automatizadas. Para exercelos pode dirixirse por escrito a: Fundación SGAE, á atención de Servicios jurídicos, calle Bárbara de Braganza, 7, 28004 Madrid. O escrito deberá indicar nome, apelidos e indicar o dereito exercitado e o motivo, e deberá vir acompañada de fotocopia do DNI/NIE ou pasaporte. A Fundación SGAE presume que os datos facilitados polo afectado son veraces e responden á súa situación actual. O afectado obrígase a comunicar a súa modificación desde o momento en que se produza.

DÉCIMA: NORMAS XERAIS

1. O beneficiario ou beneficiaria da axuda incluirá o logotipo da Fundación SGAE xunto coa lenda «coa axuda da Fundación SGAE» na cuberta do disco ou libro publicado, así como en todas as accións de promoción que se leven a cabo (anuncios, carteis, catálogos, folletos e outros análogos) sempre que a data destas accións sexa posterior á de resolución destas axudas.

2. A presentación da solicitude implica a aceptación destas bases e leva consigo a autorización para que a Fundación SGAE poida difundir información da axuda prestada nas súas memorias e demais publicacións.

3. A Fundación SGAE queda completamente exonerada de calquera responsabilidade derivada de calquera transgresión da lexislación vixente en que puidese incorrer o ou a solicitante pola realización e desenvolvemento do seu proxecto.

4. A Fundación SGAE presume que todos os datos e información que se lle facilitan nesta convocatoria de axuda son veraces e axústanse á realidade. No caso de que se constate, en calquera momento, que algún dato ou información achegado non é exacto ou veraz procederase a desestimar a solicitude e se a axuda xa fose concedida, o beneficiario ou beneficiaria deberá proceder á devolución do importe, se este xa fose aboado ou perderá o dereito ao seu cobramento se estivese pendente de pagamento.

Para máis información: ayudas@fundacionsgae.org

Entidade inscrita no Rexistro de fundacións culturais B.O.E. 140397 – O.M. 24.2.97 – CIF: G-81624736

Con la colaboración de sgae